

**“SEREAS E HEROÍNAS DE
SÁLVORA:
SEREAS E HEROÍNAS
GALEGAS.**



PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

CEIP AGUIÑO. (Ribeira).

INDICE.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.
2. OBXECTIVOS.
3. PROPOSTA METODOLÓXICA.
4. ACTIVIDADES.
5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.
6. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.
7. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO,
FAMILIAS E COMUNIDADE.
8. PLAN DE AVALIACIÓN.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

«Amada dos vellos deuses, mortos e esquecidos xa, que Sálvora lle chamaron, afeitos nela a atopar repouso doce e tranquilo de celestiais afáns».

Na noite estrelecida. Ramón Cabanillas.

“Sereas e Heroínas de Sálvora” é un proxecto deseñado polo profesorado do Ceip de Aguiño implicado neste proxecto de innovación de normalización cara o vindeiro curso. O eixo vertebrador é o Mar. Esta temática foi elixida para o curso 2008-2009 por tódolos Equipos de dinamización do centro: Equipo de Biblioteca, Medioambiente, Tics e Normalización e Dinamización Línquística. Salientar que tódolos coordinadores/as dos mesmos/as están implicados/as neste proxecto, así como o Equipo Directivo na súa totalidade, e representantes de tódolos ciclos, o que garantiza unha cobertura practicamente total de implicación de todo o alumnado. Puntualizar que o profesorado implicado ten praza definitiva para garantir a continuidade do mesmo, pero cara o próximo curso convidarase ós/ás novos/as mestres/as a participar. Este tamén é un punto salientable que se tivo en conta: O Ceip de Aguiño é un centro receptor de moito profesorado novo, producíndose un movemento de persoal docente chegado de distintos puntos xeográficos que descoñecen as historias, acontecementos da zona,... e que forman parte da identidade do alumnado co que van traballar. Tamén forman parte deste equipo de innovación persoal non docente (conserxe e coidadora) e a ANPA (que se prestou a colaborar en recopilar materiais, facer entrevistas...).

A decisión e elección do tema vincúlase ca necesidade de coñecer o entorno máis próximo do alumnado dende distintos ángulos (histórico, literario, social, ambiental...). Polo tanto, este proxecto deséñase pensando en que será nutrido e enriquecido con todo o material elaborado, recopilado...dende os distintos equipos.

O equipo que se formou para presentar este proxecto de innovación decidiu abordar o tema focalizando a súa atención na fusión de acontecementos reais (como é o naufraxio de Santa Isabel) e feitos fantásticos como é a presenza imaxinaria das sereas e os relatos sobre as pedras antropomórficas que custodian a ría. Como transfondo deste proxecto late a presenza da muller e a reivindicación de ocupar na

historia do pensamento galego o lugar que se merece, tomando, por exemplo de referencia, publicacións coma: “O mar tamén ten mulleres” (<http://www.culturamaritima.org/node/1066>) . Polo tanto, o noso compromiso como equipo tamén está ca Educación en valores, traballando activamente na igualdade de oportunidades a través da coeducación.

A contextualización apunta á Illa de Sálvora (illa ata fai moi pouco privada a que non se podía acceder, e agora propiedade da Xunta), como escenario natural e social. Illa con infinidade de relatos, lendas...que permanecen en moitas ocasións durmidas esperando a ser despertadas polo interese do alumnado, de profesorado e da comunidade educativa en xeral.

A realidade sociolingüística do noso centro, según os últimos datos obtidos para a elaboración do PLC e o PSC , é que unha alta porcentaxe do alumnado ten como lingua materna o galego. Sen embargo, detéctase unha notable falta de valoración e atendendo a datos obtidos de institutos receptores ubicados noutras zonas da comarca de abandoo e casos de autodio ante rasgos dialectais. Polo tanto, o compromiso coa nosa lingua é potenciar a súa valoración de uso en tódolos ámbitos e afianzalo como identidade do noso alumando, así como a súa conservación. Esta cuestión tamén se estende nalgunhas familias que non aprecian a lingua a pesar de comunicarse nela. Indudablemente existe o compromiso e a disposición para respetar e cumprir o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, por parte do profesorado implicado neste proxecto.

Como profesorado consideramos de vital importancia o feito de potenciar a reflexión sobre as experiencias vividas en relación coa nosa lingua, polo que aquelas actividades que desenvolvan no exterior do centro (búsqueda de información na oficina de turismo, concello, biblioteca central...) sempre irán acompañadas dun rexistro onde anoten a lingua empregada polas persoas que lle atenderon, a lingua do material conseguido (folletos, mapas...) sendo estes analizados posteriormente no centro.

Atendendo ó obxecto da convocatoria, as liñas de actuación fomentarán os seguintes aspectos:

- O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas. (Entrevistas a maiores que teñan relación ca aldea que había en Sálvora, videconferencias con outros colexios contando relatos sobre a illa, gravacións de novas despois de investigar sobre o tema do naufraxio como se fora un telexornal e que se colgarán nos blogs do colexio, como material complementario da revista...)
- O achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias (coñecendo a historia que late na memoria recente deste pobo, investigándoa e transmitíndoa na lingua na que foi sentida e vivida).
- A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación (Este é un das maiores apostas deste proxecto, xa que consideramos que a nosa lingua ten que estar ligada á tecnoloxía da información e da comunicación, xa que é ligar a nosa lingua á vangarda e a usos (correo, xogos, Chat...) que está acorde cos intereses e necesidades sociais, cognitivos e emocionais do noso alumnado.)
- A colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas (Neste proxecto colaborárase cunha asociación cultural do pobo chamada “Sagres” e a Asociación cultural “Manisdixital”)

Poderase ver dun xeito máis amplo na lectura das propostas de dinámicas.

2. OBXECTIVOS.

*Así mo pediro
a veira do mar,
ó pé das ondiñas,
que veñen e van.*

Cantares Gallegos. Rosalía de Castro.

A continuación expoñemos os obxectivos ilustrados con algúns exemplos de intervención para que non queden só no plano teórico.

Cara o profesorado:

- Investigar e recoller información sobre o entorno próximo focalizando a atención na illa de Salvora e no litoral próximo. Este material moldearase dun xeito didáctico. (Ver propostas)
- Investigar e recoller información sobre feitos históricos salientables do contexto elixido: o naufraxio do Santa Isabel. Este material moldearase dun xeito didáctico. (Ver propostas)
- Recopilar e transmitir as lendas, relatos ... de distintos/as personaxes: sereas, das formas antropomórficas das rochas e pedras...
- Establecer liñas de colaboración e coordinación entre tódolos Equipos de Dinamización. Xa comentamos que todos xirarán a súa programación en torno ó mar.
- Potenciar o uso do galego oral e escrita entre tódolos/as membros da comunidade educativa cas accións formativas que se deseñen neste proxecto: entrevistas, videoconferencias... Por exemplo traballando ca fenda xeracional facéndolle entrevistas a persoas maiores que viviron ou tiveron familiares na aldea de Sálvora; preguntándolle a xente que traballa no mar polas historias das rochas; escribindo no blogue a orixe dos distintos topónimos dos accidentes xeográficos de Sálvora...
- Buscar fórmulas de actuación ante os prexuízos lingüísticos detectados para que vaian decrecendo a través de dinámicas de observación, análise, reflexión e diálogo. Por exemplo: por que os xornais da época do Santa Isabel escribían en castelán? que xornais poderían dar a nova hoxe en galego?.
- Buscar referentes galegos literarios e artísticos que traballen a temática do mar para ilustrar todo o proxecto de xeito significativo: por exemplo as historias das sereas con obras de arte de Urbano Lugrís, Maruja Mallo, Granell...
- Crear un blogue que se alimente con tódolos contidos xerados neste proxecto: lendas, escanear xornais da época e publicalos, escanear fotografías de Sálvora, de xente do mar e publicalas ilustradas con poemas que falen do mar; facer montaxes en vídeo con imaxes e música en galego ...
- Traballar cunha liña transversal coeducativa.
- Preparar unha saída didáctica a Illa de Sálvora.

Cara o alumnado:

- Coñecer a historia do seu entorno como seña de identidade.
- Empregar o galego para embarcarse neste proxecto de innovación buscando a visibilización da súa funcionalidade e valoración.
- Fusionar o emprego do galego cas tics como sinal de modernidade da propia lingua.
- Investigar e recoller información sobre o entorno próximo focalizando a atención na illa de Salvora e no litoral próximo utilizando distintas vías e recursos: entrevistas, búsquedas en Internet, gravadoras,... cámaras dixitais...
- Investigar e recoller información sobre feitos históricos salientables do contexto elixido: o naufraxio do Santa Isabel utilizando distintas vías e recursos: entrevistas, búsquedas en Internet,... gravadoras, cámaras dixitais...
- Coñecer e rexistrar as lendas, relatos ...de distintos/as personaxes: sereas, das formas antropomórficas das rochas e pedras... utilizando distintas vías e recursos: entrevistas, búsquedas en Internet, gravadoras, cámaras dixitais...
- Coñecer a orixe da toponimia local.
- Coñecer referentes galegos literarios e artísticos que traballen o tema do mar.
- Visitar a Illa de Sálvora.
- Buscar referentes galegos literarios e nas artes plásticas e facer as súas propias creacións.
- Coñecer e interactuar con páxinas de Internet creadas en galego visibilizando usos do galego en contextos de vangarda.
- Coñecer os correctores e tradutores de lingua galega.
- Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística borrando prexuizos lingüísticos cara a lingua galega.
- Potenciar actitudes positivas e de valor cara a lingua galega. Por exemplo facendo intercambios con outros centros a través de videoconferencias, percibindo que o profesorado valora a súa lingua materna..
- Conseguir que o alumnado use a lingua galega en calquera situación. Por exemplo se teñen que ir a Ribeira ás oficinas de turismo a buscar información sobre Sálvora.
- Buscar fórmulas de actuación para subliñar o valor da nosa lingua como identidade e a posibilidade real de ser usado en calquera contexto. Por exemplo

analizando publicacións xornalísticas en galego; creacións literarias como mostra de expresión dos sentimentos en galego...

- Levar un rexistro sobre a lingua que emprega a xente cando van buscar información (no concello, na biblioteca, oficina de turismo...) reflexionando posteriormente sobre os datos obtidos.

3. PROPOSTA METODOLÓXICA.

*Atopamos esta madrugada
n' a gayola d' o Mar
unha illa perdida.*

(Manuel Antonio, De catro a catro)

O proxecto que presentamos apoíase nos principios metodolóxicos que consideramos que se axustan ós nosos obxectivos. Os máis salientables son os seguintes:

O principio de actividade. A actividade como fonte principal de de aprendizaxe e desenvolvemento integral do neno/a. Esta é a razón pola que deseñamos actividades que pechan accións de distinta natureza: observar, asociar, comparar, recoller, conversar... sempre dando referentes de persoas que fixeron e fan todo isto en galego.

O principio de actividade lúdica. Por medio do xogo o neno/a descubre propiedades e relacións construindo novos coñecementos. Esta é a razón pola que apostamos e incluímos xogos de expresión, manipulativos, de movemento, que inviten á reflexión... introducindoos en xogos multimedia en galego. Os xogos de roles serán moi importantes: porse no lugar das persoas que ían no barco do naufraxio, na xente de Sálvora que rescatou a naufragos/as, os xornalistas da época...

O principio de colaboración cas familias. Como xa dixemos na presentación do proxecto contamos co compromiso de colaboración da ANPA. Ademais queremos establecer canles de comunicación cas demais familias para colaborar na recollida de materiais, vivencias...

O principio de colaboración con institucións exteriores. Contamos ca colaboración da Asociación Cultural “Sagres” e a Asociación Cultural “Manisdixital.com”, e potenciaremos que o alumnado busque información en oficinas de turismo, biblioteca do concello... levando un rexistro sempre da lingua que empregou a xente que lle atendeu, a lingua na que están escritos os materiais que obtiveron (folletos...) reflexionando sobre os datos que rexistren. Tamén incluimos actividades que serán desenvoltas por persoal e alumnado da Universidade de Compostela.

Introducción, integración e tratamento das tics. Como tamén xa indicamos a nosa aposta polas tics na súa vertente informativa, comunicativa, lúdica, creativa e curricular é un compromiso. Poderase ver dun xeito máis extenso no apartado adicado ás actividades.

Coeducación: Insistir no compromiso do profesorado nesta liña, sendo un dos criterios de elección da temática: Sereas e Heroínas galegas.

Respeto pola diversidade. Por unha banda entendendo a diversidade como unha característica de todo o alumnado e non só do colectivo onde se identifican necesidades específicas de apoio educativo. Buscarase sempre o principio de igualdade de oportunidades, a tolerancia e o respecto cara a diversidade.

Neste proxecto inclúense un obradoiro de “sensibilidade cara a diversidade funcional” onde unha psicóloga da Universidade de Santiago de Compostela que é cega fará distintas actividades sobre o mar co alumnado. Ademáis o alumnado e as familias estranxeiras coñecerán o entorno dende distintas perspectivas (ambiental, xeográfica, histórica,...) contada na nosa lingua.

Atendendo a temporalización:

1º trimestre: Estudo do escaerio: A illa de Sálvora na ría de Arousa.

2º trimestre: Ambientación fantástica do escaerio: As lendas das sereas e das formas das pedras.

3º trimestre: Acontecemento salientable neste escenario : O naufraxio do Santa Isabel

4. ACTIVIDADES.

*O meu amor é un batelo,
ben o sabes, amor meu,
que anda a navegar de seu
sempre cantando ai lerele.*

Mar maior dos namorados. Alvarez Blázquez.

Ó principio de curso farase unha reunión onde se presenten tódalas actividades deseñadas cun calendario suxerindo posibles datas para a súa realización tendo en conta outras actividades propostas por outros equipos, conmemorativas, complementarias... Cada actividade será adaptada ós distintos ciclos. Ó final deste apartado inclúese unha relación de accións que se relacionan directamente coas tics.

Maqueta da Illa de Sálvora e

Toponimia. Como xa dixemos estudarase a Illa de Sálvora dende distintos puntos de vista, cando se coñeza dende unha perspectiva xeográfica, a súa flora e fauna, farase unha maqueta con distintos materiais de refugallo. Buscarase a orixe das distintos topónimos que se localizan na illa. O feito de coñecer os distintos topónimos (Praia dos Bois, Punta da Zafra..) serviralle para interpretar o escenario dos relatos que existen tanto sobre as sereas coma os que se refiren ó naufraxio. Ademáis serviralle para ambientar creacións literarias que fagan eles/as mesmos/as.



Algunhas das páxinas que podemos consultar para o seu estudo é:

<http://www.culturagalega.org/buscas.php?termo=salvora>

Obradoiro de sensibilización cara a diversidade funcional. Da man de Enma Mayo Pais, psicóloga e bolsreira de doutorado da Universidade de Santiago de Compostela, membro da asociación <http://www.tadega.net/> farase un obradoiro de sensibilización cara a diversidade funcional. Ela é unha persoa cega e falará de cómo se pode sentir o mar sen necesidade de utilizar os ollos. Buscarase que o alumnado se poña en lugar de persoas con neae (psíquicas, motóricas e sensoriais) tapándolle os ollos, atándolle as mans...e tendo que realizar algunha creación artística sobre a temática que se traballa neste proxecto. A asociación cultural <http://www.manisdixital.com/> (Ribeira) deseñará camisetas con palabras galegas en braille para sensibilizar o noso alumnado tamén a través deste soporte e linguaxe. <http://www.manisdixital.com/> xa fixo esta experiencia con resultados moi positivos para a comunidade educativa en xeral, poden verse os deseños en <http://issuu.com/tadega/docs/www.tadega.net> (na páxina 3) .

Pedras que falan. Investigarase sobre os relatos que existen creados a partir das formas das rochas, pedras do litoral desta parroquia. Consultaranse distintas fontes de información e se lle prestará a cámara dixital ó alumnado do centro para que lle saquen eles/as mesmos/as



fotografías as pedras para facer posteriormente unha exposición e subir este material o blogue. Unha das páxinas que poden consultar é:

<http://www.galiciaencantada.com/index.asp>

Cantos de sereas. Farase unha investigación e recopilación de lendas sobre a serea de Sálvora (con distintas versións): “A saga do Mariños” preguntándolle a familiares, veciños/as, consultando bibliografía (por exemplo: “Guía de sirenas de Galicia”, Pazos, Lino J.), en Internet... por exemplo nas páxinas:

<http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=4&id=1360>

<http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=4&id=1364>

Con axuda do Departamento de Música comporase algunha canción sobre estas historias. Estas cancións gravaranse e subiranse o blogue e mandaranse a outros centros

e asociacións xunto con un recopilatorio de cancións sobre o mar. As copias dos cds levarán na súa carátula ilustracións de sereas feitas polo alumnado.



Poemas sobre o mar ilustrados. Buscaranse creacións literarias galegas onde se fale sobre Sálvora, sobre sereas e sobre o mar galego en xeral. Estes poemas ilustraránse con fotografías que saquen o propio alumnado, de fotos antigas que se recopilen, de material visual atopado na rede e que se escanee de libros da nosa biblioteca. Un dos estudos que se pode consultar é “A presenza do mar na poesía galega” de Manuel María.

Somos xornalistas. Recopilaranse xornais da época onde falen do naufraxio do Santa Isabel. Analizaranse as novas, as razóns do emprego do castelán na súa redacción, as sensacións que nos transmiten...o alumnado fará a súa

propia reelaboración desta nova imaxinándose que lle fan entrevistas a xente que vivía na illa, a xente que sobreviviu...

Heroínas galegas. Coñecidas as heroínas de Sálvora, reflexionarase sobre o feito de que sempe son heróes-homes os que aparecen na literatura e no mundo audiovisual. Inventaranse contos de heroínas-mulleres podendo ser ilustradas con fotografías que se recopilen de mulleres traballando en labores relacionadas co mar.



De esquerda a dereita María Fernández Oujó, Josefa Pazula e Cipriana Oujó Mameiro, as heroínas de Sálvora.

Deseño do escudo do colexio. A partir do coñecemento do Escudo de Castelao faranse propostas para deseñar un escudo para o colexio. O elixido imprimirase en autocolantes



Visita á illa de Sálvora. Organizaranse visitas a illa de Sálvora xa que hai moito alumnado e profesorado que nunca tivo a oportunidade de poder facelo. Prepararase esta visita por exemplo consultando mapas marítimos fixándonos na lingua na que están trazados.

Creación do premio anual: “Heroínas de Sálvora”. Crearase un premio anual que se entregará a unha persoa relacionada co mundo do mar como recoñecemento a súa labor.

Mar e arte. Buscaranse obras de arte plástica feitas por artitas galegos/as relacionadas co mar. Estas obras de arte servirán como ilustración para as distintas investigacións que se propoñen. Ademáis un grupo de alumnos/as da Facultade de Ciencias da Educación do Departamento de Plástica (dirixidos/as pola súa directora María Jesús Agra) deseñará unha intervención artística para realizar co noso alumnado. Terán como soporte o muro do colexio (bloque gris) no que se pintarán distintas esceas de sereas, do naufraxio...

As acción destas actividades relacionadas cas tics son:

- **Montaxe dun blogue:** “As heroínas de Sálvora”. Farase enlaces a todo o material localizado ca realización da seguintes actividades, a información atopada por distintas vías, material recopilado e escaneado, producións plásticas do alumnado.
- **Crear unha conta de correo** onde nos poidan mandar fotos e outro tipo de información, por exemplo outros centros. A conta terá unha palabra en galego.
- Utilizar da **wikipedia en galego** ou utilizar o traductor que ofrece. Por exemplo: http://gl.wikipedia.org/wiki/Illa_de_S%C3%A1lvora

- **Utilizar os localizadores xeográficos** (por exemplo co Google Maps (conta cunha interfaz en galego): <http://maps.google.es/?ie=UTF8&hl=gl> e proxectalo no Encerado Dixital. Pódese facer unha visita virtual por Galiza, Ribeira, Aguiño, localizar o noso colexio, a illa de Sálvora, outras illas galegas...
- **Montaxe dun album** de fotos en sitios coma picassa.web
- **Videoconferencia** con outro centro para falar sobre a Illa de Sálvora, por exemplo co EEI Baiuca (Este é un dos centros co que intercambiamos material, correspondencia...este curso dentro do proxecto “construindo pontes”).
- Visualización de vídeos e montaxes sobres sereas e literatura galega: <http://www.youtube.com/watch?v=XW7BhqhmFsk> (Peleiriño de Xosé María Blázquez) e do documental sobre sereas. http://www.culturagalega.org/avg/extra_audiovisual_estreas.php?Cod_extrs=2682
- Deseño dunha **Webquest**: sobre sereas, lendas... http://www.edu.xunta.es/contidos/phpwebquest/procesa_index_todas.php
- **Xogos en liña** : <http://www.ciberlingua.org/faros/indice.htm> (xogo con visita guiada por páxinas en galego)
- Debuxar sereas en **aplicacións informáticas** e poñerlle nomes en galego: <http://www.amesanl.org/quefacemos/nomesgalegos/nomesgalegos.html>
 - Debuxar esceas do naufraxio con **aplicacións de debuxo** con software libre ca interfaz en galego como o Tux Paint.
 - Utilizar **tradutores en liña**, por exemplo (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>) para raducir páxinas de información coma : <http://www.hydronauta.com/temas/pecios/staisabel/santaisabel.htm> (sobre o naufraxio) <http://www.tierragallega.com/ritosyleyendas/LEYENDAS/marineros.html> (sobre as lendas)

5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.

Tanto os recursos humanos coma os materiais xa se foron nomeando ó longo de todo este documento. Como síntese mostramos esta panorámica:

- Cámaras dixitais.
- Ordenadores con conexión a Internet.
- Escaner.

- Gravadoras.
- Fondos da biblioteca.
- Distintos soportes e materiais para creacións artísticas.
- Materiais da Asociación cultural “Sagres”.
- Materiais deseñados pola Asociación cultural “Manis.dixital”.

6. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

As necesidades máis salientables que presenta o profesorado están localizadas a nivel de coñecementos no ámbito da tecnoloxía da información e da comunicación. O equipo que se formou para desenvolver este proxecto ten distintos niveis: dende o básico ata profesorado que xa ten participado noutros proxectos integrando as tics no seu exercicio docente: uso de encerado dixital, blogues de aula,... Polo tanto será necesario realizar accións formativas en habilidades básicas, prácticas con ferramentas como motores de búsqueda, localizadores de páxinas, tradutores en liña....integrando plenamente o potencial informativo, comunicativo, lúdico, creativo e curricular das tics neste proxecto como aposta para a revitalización da nosa lingua.

7. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, FAMILIAS E COMUNIDADE.

- Reunión ó principio de curso co profesorado de nova incorporación ó centro.
- Reunión ó principio de curso cas familias.
- Reunión da ANPA tamén cas familias.
- Difusión de todo o que se vaia facendo no blogue “Heroínas de Sálvora”.
- Carteis informativos nas portas de entrada anunciando as actividades que se estean desenvolvendo.
- Exposicións co material elaborado e recopilado invitando a toda a comunidade educativa a visitalo propondo xogos de interacción (por exemplo deixando carteis en branco para que lle poñan eles/as títulos as fotos, deixando material para que fagan debuxos de sereas...). As dúas asociacións que colaboran con nós tamén difundirán entre os veciños/as a invitación para visitar as exposicións que se fagan no centro.
- Facendo videoconferencias con outros centros.

8. PLAN DE AVALIACIÓN

Tendo en conta os obxectivos iranse avaliando a consecución dos mesmos dun xeito inicial e continuo, reformulando aqueles obxectivos onde o plantexamento non se axuste as circunstancias que vaian xurdindo, as novas necesidades...Avaliarase a implicación do profesorado e a repercusión que ten o proxecto no uso normalizado do galego na súa actividade docente e tamén se o alumnado modifica esquemas de valoración da nosa lingua. Avaliranse cada tódolos elementos que interveñen nas distintas actividades propostas (a propia dinámica, os/as axentes, os materiais, os espazos, materiais...) analizando e reflexionando sobre o papel que xogou o traballo ca lingua nas mesmas.